
Entrada en funcionamento do sistema de colas no HPC4500

- Actualizado (17.11.2005)

A partir do venres, 15 de outubro, ponse en funcionamento o sistema de colas do Servidor de Cálculo HPC4500. Deste xeito, poderase mellorar o tempo de resposta das aplicacións dos usuarios, ó mesmo tempo que se insire unha distribución máis uniforme da potencia de cálculo entre tódolos usuarios.

O novo sistema de colas está baseado no Load Sharing Facility (LSF), anque mantén a compatibilidade co sistema Network Queuing System (NQS), implantado nos outros servidores de cálculo do CESGA. Isto permite que os usuarios que xa coñezan o anterior sistema de colas non teñan que aprender novos comandos, aínda que recomendamos a utilización do novo sistema polas melloras que supón en canto ó seguimento e control dos traballos nas colas.

Nas páxinas web do CESGA atópase a descrición das colas creadas no HPC4500, así como unha guía dos principais comandos do LSF.

Ante calquera dúbida poden dirixirse á dirección de correo electrónico ou ó teléfono do CESGA: 981 569810.